

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende fomentar a colaboración das empresas no desenvolvemento da formación profesional do sistema educativo, co obxecto de adecuar as ensinanzas dos ciclos formativos ás necesidades específicas de formación que demandan as empresas.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, regula, entre outras cuestións, determinados aspectos da formación profesional dual, que combina os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e as entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos propios da actividade, así como a actualización profesional.

A Orde do 12 de xullo de 2011 regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Na súa virtude, co fin de pór en funcionamento proxectos de formación profesional dual de carácter experimental en colaboración con diversas entidades, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto a autorización e a implantación de proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional polo réxime de



persoas adultas en centros educativos, en colaboración con diversas entidades (código de procedemento ED513A). Estes proxectos combinan os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

2. A relación de centros educativos, ciclos formativos e entidades colaboradoras nas que se autorizan os proxectos de formación profesional dual establécese no anexo II.

3. A distribución de módulos para cada ciclo formativo e curso escolar establécese no anexo III.

### Artigo 2. *Requisitos das persoas solicitantes*

Para poderen acceder a estes proxectos de formación profesional dual, as persoas aspirantes deberán cumprir o seguinte:

a) Ter entre dezaioito (ou facelos no ano natural en que comece o ciclo formativo) e vinte e nove anos no momento de inicio do ciclo formativo.

b) Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos establecidos no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora educativa, ou na disposición adicional terceira desta última lei, para poder matricularse en todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, e que se detallan no modelo de solicitude, no anexo I desta orde.

c) Carecer da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.

d) Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.

e) Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

### Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación de solicitude*

1. Cada solicitante presentará unha única solicitude, utilizando o formulario normalizado do anexo I, que se entregará nun dos centros que figuran no anexo II e irá dirixida á dirección do centro educativo.



2. Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude ou solicita máis dun proxecto, non se terá en conta a súa petición.

3. Este modelo de solicitude estará dispoñible na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.gal>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

4. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 25 de xuño ata as 13.00 horas do día 3 de xullo de 2018.

*Artigo 4. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.

b) No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

c) Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>.

2. A documentación complementaria presentarse nalgún dos centros educativos que figuran no anexo II.

*Artigo 5. Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos no documento de identidade (DNI ou NIE) da persoa solicitante.

2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



**Artigo 6. Procedemento de admisión e matrícula****1. O procedemento de admisión realizarase en dúas fases:**

a) Na primeira fase, o centro educativo, logo de analizar a documentación presentada e verificar os requisitos das persoas solicitantes, fará pública no taboleiro de anuncios, o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a relación provisional de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente, con indicación do requisito de acceso ao ciclo formativo.

Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Contra esta listaxe, o alumnado solicitante poderá presentar ante a dirección do centro a correspondente reclamación no prazo de dous días hábiles desde tal publicación.

Logo de resolver as reclamacións presentadas, no prazo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de reclamacións, publicarase no taboleiro de anuncios do centro educativo e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a listaxe coa relación definitiva de persoas solicitantes. Así mesmo, o centro educativo procederá na mesma data ao envío da devandita listaxe á entidade colaboradora.

b) Na segunda fase, a entidade colaboradora, a partir da listaxe facilitada polo centro educativo, seleccionará as persoas que teñan o perfil que mellor se adapte ás características da actividade propia da empresa, que non poderán exceder o número máximo de alumnado a que se refire o punto 1 do artigo 7 desta orde. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección poida garantir que se cubra o número mínimo de prazas que a empresa se comprometa a acoller nas súas instalacións.

O período de selección das persoas por parte da empresa rematará o día 13 de xullo.

Finalizado o período de selección, no seguinte día hábil, o centro educativo publicará no taboleiro de anuncios a listaxe de persoas admitidas, a listaxe de persoas en espera ordenadas por orde de prioridade e a listaxe de persoas non seleccionadas.



Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es/fp>.

2. A partir do seguinte día hábil desde a publicación das listaxes a que se refire o punto anterior e ata o día 24 de xullo, as persoas admitidas deberanse matricular na secretaría do centro correspondente.

3. A publicación de calquera listaxe do procedemento de admisión terá os mesmos efectos que a notificación, segundo se establece no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Contra a relación definitiva de solicitantes a que se refire o punto 1, alínea a), e contra as listaxes de persoas admitidas a que se refire o punto 1, alínea b), as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada, no prazo máximo dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 7. *Prazas ofrecidas e número mínimo de solicitudes de matrícula*

1. O número máximo de alumnos e alumnas con matrícula no proxecto experimental de formación profesional dual será o establecido nos convenios subscritos entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade colaboradora correspondente; en todo caso, será como máximo de trinta alumnos/as por ciclo formativo.

Os convenios poderán ser consultados no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/convenios-dual>.

2. A autorización da oferta do proxecto experimental de formación profesional dual quedará condicionada a que exista un número mínimo de doce persoas seleccionadas. Un número menor de persoas seleccionadas exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento este proxecto experimental de formación profesional dual, e mentres que non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar matrícula ningunha.

#### Artigo 8. *Acordos específicos*

1. Os centros educativos que imparten ciclos formativos na modalidade de formación profesional dual subscribirán acordos específicos para o desenvolvemento da formación en centros de traballo.



Os acordos deberanse formalizar por escrito e estarán asinados polo director ou a directora do centro educativo e pola persoa que teña a representación legal do centro de traballo pertencente á entidade colaboradora que asinou o convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a implantación da formación profesional dual.

Asinarase un acordo por cada curso escolar e por cada grupo de alumnado que realice a súa formación nun mesmo centro de traballo, identificando o alumnado e os módulos profesionais obxecto de formación, e o titor ou a titora do centro de traballo.

A duración do acordo coincidirá co período de formación establecido para cada curso escolar no convenio subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade colaboradora correspondente. Os convenios poderán ser consultados no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/convenios-dual>.

A dirección do centro educativo, quince (15) días antes do inicio da actividade formativa no centro de traballo, remitiralles aos servizos de Inspección educativa das respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha copia do acordo. Os servizos de inspección trasladarán esta información á Inspección de Traballo. As modificacións e as baixas que se produzan nos acordos de colaboración tamén se comunicarán aos servizos de Inspección educativa para o seu traslado á Inspección de Traballo.

O acordo específico para o desenvolvemento da formación será obtido mediante a aplicación [www.edu.xunta.es/fct](http://www.edu.xunta.es/fct).

#### Artigo 9. *Obxecto e modalidade de desenvolvemento da formación profesional dual*

1. Os proxectos experimentais de formación profesional dual desta orde realízanse consonte o establecido no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, e teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e das traballadoras nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa recibida no marco do sistema educativo.

2. A actividade formativa inherente a estes proxectos será a necesaria para a obtención do título de técnico ou técnico superior correspondente, sen prexuízo de poder incluír formación complementaria para dar resposta tanto ás necesidades do alumnado como ás necesidades das empresas.



3. Estes proxectos de formación profesional dual desenvolveranse, consonte o establecido no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, a través da modalidade de formación compartida entre o centro educativo e a empresa, que consiste en que a empresa facilite os espazos, as instalacións e/ou as persoas expertas para impartir parcialmente determinados módulos profesionais. No centro educativo, os módulos profesionais serán impartidos polo profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no currículo correspondente.

#### Artigo 10. *Plan de formación e aprendizaxe*

1. Estes proxectos de formación profesional dual terán unha duración como máximo de tres anos e impartiranse de acordo coa distribución de módulos do anexo III para cada ciclo formativo e curso escolar.

2. Estes proxectos incorporarán, entre outros aspectos, a programación para cada un dos módulos profesionais consonte o establecido no artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, que recollerá as actividades que cumpra realizar no centro educativo e na empresa, así como o calendario, a xornada e os horarios en que se realizará a actividade laboral na empresa e a correspondente actividade formativa.

3. A distribución da formación curricular, a distribución global do proxecto, a temporalización dos módulos profesionais, a adquisición por parte do alumnado de cualificacións e unidades de competencia, e a especificación das horas de formación que se realizarán no centro educativo e na empresa para cada módulo profesional están recollidas en cada un dos convenios subscritos entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade colaboradora correspondente. Os convenios poderán ser consultados no enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/convenios-dual>.

4. O alumnado que estea a realizar un ciclo formativo pola modalidade dual disporá dun plan de formación e aprendizaxe individualizado, que será o instrumento que permita realizar o seguimento da formación do alumnado e facilitará a súa avaliación.

O plan de formación e aprendizaxe individualizado incluirá:

a) O ciclo formativo en que estea matriculado o alumnado.



b) A identificación do alumno ou a alumna, do titor ou a titora do centro de traballo e do profesor ou a profesora que exerza a tutoría.

c) Para cada un dos módulos en que estea matriculado o alumno ou a alumna, os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación que serán obxecto da actividade formativa na empresa, e que foron seleccionados entre os que figuran no currículo do ciclo.

O titor ou a titora da empresa, ao finalizar a actividade formativa, incluírá no informe de formación e aprendizaxe individualizado unha valoración por cada módulo formativo en termos de «favorable» ou «non favorable».

A avaliación do alumnado será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo, tendo en conta as achegas dos titores ou as titoras da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nesta. A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo profesional.

O plan de formación e aprendizaxe individualizado será obtido mediante a aplicación [www.edu.xunta.es/fct](http://www.edu.xunta.es/fct).

Logo de finalizada a actividade formativa, o plan individualizado débelle ser entregado ao alumnado.

#### Artigo 11. *Tutoría*

1. A entidade colaboradora designará unha persoa como titor ou titora que, entre outras cousas, será responsable do seguimento da actividade formativa e da comunicación co centro de educativo.

2. O centro educativo designará unha persoa como titor ou titora do grupo de alumnado que, ademais das funcións que se establecen no artigo 21 da citada Orde do 12 de xullo de 2011, será responsable da coordinación do equipo docente e será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento da actividade formativa.

3. A actividade formativa na empresa e no centro educativo será coordinada polos titores e as titoras mediante reunións de control cunha frecuencia mínima mensual, nas cales se realizará o seguimento de cada alumno ou alumna.





**Artigo 12. *Avaliación***

1. A avaliación do alumnado será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo, tendo en conta as achegas das persoas expertas da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nesta. A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para cada módulo profesional.

2. Ao longo do período formativo correspondente, o profesorado de cada módulo realizará un seguimento do desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe de conformidade co artigo 23 da citada Orde do 12 de xullo de 2011, utilizando para iso os instrumentos e os procedementos de recolla de información previamente establecidos na programación dos módulos. Para tal fin, poderase establecer un plan individualizado por alumna ou alumno.

3. A avaliación final de módulos de cada ano do proxecto corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos realizados no centro educativo e na empresa.

**Artigo 13. *Módulo de formación en centros de traballo***

Cando finalice o proxecto de formación profesional dual, o alumnado que superase todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente que compoñen o proxecto quedará exento da realización do módulo de formación en centros de traballo.

**Artigo 14. *Continuidade no proxecto de formación profesional dual por parte do alumnado***

1. Para poder continuar no proxecto de formación profesional dual, o alumnado seleccionado deberá superar a totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo correspondente previstos para cada curso académico segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde. Non obstante, poderase continuar sen cumprir o anterior requisito por razóns debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. Así mesmo, o alumnado será excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos:

- a) Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.



b) Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.

c) Para o alumnado con contrato de formación e aprendizaxe, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 13 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o artigo 32 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, articulará as medidas necesarias para que ao alumnado que non supere algún módulo e non sexa excluído do proxecto por algún dos casos recollidos nas alíneas a) e b) do punto anterior, se lle facilite a continuación das ensinanzas do ciclo correspondente.

4. O alumnado que cumpra as condicións para continuar no proxecto nos cursos seguintes terá praza garantida e deberá entregar a solicitude de reserva para cada curso académico no prazo ordinario establecido na normativa.

5. Coa solicitude entenderase que o alumnado solicita a matrícula na totalidade dos módulos ofrecidos, segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde. No derradeiro curso do proxecto, ademais destes módulos, o alumnado deberase matricular do módulo de «Formación en centros de traballo» e, no caso dos ciclos de grao superior, do módulo de «Proxecto».

#### Artigo 15. *Módulo de «Proxecto dos ciclos formativos de grao superior»*

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora do módulo de «Proxecto dos ciclos formativos de grao superior», este módulo profesional desenvolverase durante o derradeiro ano dos proxectos de formación profesional dual.

#### Artigo 16. *Módulos profesionais xa superados ou validados*

1. O alumnado que superase ou validase un módulo profesional do ciclo formativo solicitado por ter realizado outro ciclo formativo ou ter acreditada algunha unidade de competencia deberá asistir á totalidade das actividades, profesionalizadoras ou formativas, que cumpra realizar na empresa.

2. En materia de validacións atenderase ao establecido na súa normativa reguladora.



**Artigo 17. *Protección de datos de carácter persoal***

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma secretaría xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxfp@edu.xunta.es](mailto:sxfp@edu.xunta.es).

**Artigo 18. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes***

Para calquera outro trámite distinto da presentación da solicitude, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Disposición adicional primeira. *Prazas ofrecidas polo réxime de persoas adultas***

Unha vez rematado o proceso de matrícula nos ciclos formativos no período extraordinario de setembro, no caso que o centro educativo teña autorizados os mesmos módulos polo réxime para as persoas adultas que os autorizados no proxecto de formación profesional dual, poderanse adxudicar prazas polo réxime de persoas adultas, ata completar o número máximo de prazas que se ofrecen con carácter xeral para este tipo de ensino, ás persoas da listaxe de espera coa orde de prioridade establecida. Estas persoas recibirán a formación dos módulos profesionais do ciclo formativo exclusivamente no centro educativo co mesmo itinerario de formación que o establecido para o proxecto de formación profesional dual e poderán, se a empresa o considera e nas condicións que se determinen, incorporarse ao proxecto de formación profesional dual se houber algunha vacante.



Disposición adicional segunda. *Ordenación académica e avaliación do alumnado*

Todos os aspectos relativos á ordenación académica e á avaliación sobre formación profesional inicial non recollidos nesta orde rexeranse polas normas que con carácter xeral regulan as ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

Disposición adicional terceira. *Solicitude de admisión a ciclos formativos no prazo ordinario e simultaneamente nos proxectos de formación profesional dual*

As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os proxectos de formación profesional dual autorizados nesta orde tamén poderán, se así o desexan, realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior no réxime ordinario ou para persoas adultas, na modalidade presencial ou a distancia, no prazo ordinario de xuño e xullo de 2018. Neste caso:

a) As persoas non seleccionadas nos proxectos de formación dual seguirán no procedemento de admisión a ciclos formativos e, de ser o caso, poderáselles adxudicar unha praza para que posteriormente realicen a matrícula nos prazos establecidos.

b) As persoas que figuren como admitidas en calquera dos proxectos de formación dual na listaxe a que se fai referencia na alínea 1.b) do artigo 6 desta orde están a renunciar expresamente a seguir no procedemento de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario ou para persoas adultas, na modalidade presencial ou a distancia; non serán adxudicadas e non poderán formalizar matrícula ningunha nestes réximes ou modalidades.

Disposición adicional cuarta. *Proxectos que dan lugar a unha dobre titulación*

O alumnado matriculado en proxectos de formación profesional dual que dean lugar a unha dobre titulación non precisará contar coa autorización de matrícula simultánea en dous ciclos formativos a que se fai referencia no artigo 6 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e execución*

Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptaren as medidas precisas para a execución desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>ADMISIÓN Á FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL DO SISTEMA EDUCATIVO</b>	<b>ED513A</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
NACIONALIDADE				DATA DE NACEMENTO			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>ENSINANZAS PARA AS QUE SOLICITA SER ADMITIDO/A</b>			
CÓDIGO DO CENTRO	NOMBRE DO CENTRO	CÓDIGO DO CICLO	CICLO FORMATIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>
<b>PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO</b>
1. Que ten entre dezaoito (ou que os fai no ano natural no que comece o ciclo formativo) e vinte e nove anos no momento de inicio do ciclo formativo.
2. Que cumpre o requisito de acceso directo por (marque cun X a opción correspondente):
<input type="radio"/> Graduado/a en ESO
<input type="radio"/> Título profesional básico
<input type="radio"/> Técnico/a auxiliar
<input type="radio"/> Técnico/a
<input type="radio"/> 2º de BUP
<input type="radio"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011)
<input type="radio"/> Algún dos requisitos de acceso a ciclos de grao superior. Marcar a opción que corresponda na parte titulada "para ciclos formativos de grao superior" (véxase máis abaixo)
<input type="radio"/> Outros estudos declarados equivalentes (indicar cal):
<input type="text"/>
3. Que cumpre o requisito de acceso mediante proba (marque cun X a opción correspondente):
<input type="radio"/> Proba de acceso aos ciclos formativos
<input type="radio"/> PAU para maiores de 25 anos



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**ANEXO I**  
(continuación)**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)**PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**

1. Que ten entre dezaoto (ou que os fai no ano natural no que comece o ciclo formativo) e vinte e nove anos no momento de inicio do ciclo formativo.
2. Que cumpre o requisito de acceso directo por (marque cun X a opción correspondente):
  - Bacharelato LOE
  - Bacharelato LOMCE
  - Bacharelato da LOXSE
  - Titulación universitaria ou equivalente
  - Técnico/a especialista, técnico/a superior ou equivalente para efectos académicos
  - Técnico/a
  - Outros estudos declarados equivalentes (indicar cal):

3. Que cumpre o requisito de acceso mediante proba (marque cun X a opción correspondente):

- Proba de acceso aos ciclos formativos
- PAU para maiores de 25 anos

**PARA CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR**

4. Que non dispón dunha cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
5. Que non realizou con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe e cumpre os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.
6. Que non superou ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado cursando previamente este ciclo formativo.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Currículo co formato Europass

Só no caso de non dispor de DNI ou NIE, achegarase un dos seguintes documentos:

- Copia do documento de identificación da Unión europea
- Copia do pasaporte

**REQUISITOS XERAIS DE ACCESO** (marque cun X a opción correspondente)

Só no caso de non ter realizado os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, achegarase a documentación correspondente:

- Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso (acceso directo)
- Certificación da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba)
- Certificación da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa solicitante



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIAANEXO I  
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>


**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Nome do centro educativo **XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**ANEXO II**  
**Centros educativos, ciclos formativos e entidades colaboradoras**  
**en que se autorizan os proxectos de formación profesional dual**

Código de centro	Centro educativo	Código de ciclo	Ciclo formativo	Entidade colaboradora
15024513	CIFP Someso	MFME02	Soldadura e Caldeiraría	Malasa Grupo, S.L.
		MMAM01	Carpintaría e Moble	Malasa Grupo, S.L.
		STMV01	Automoción	Coper, S.A.
				Algupibe, S.L.
				Zina Móvil, S.A.
				Automóviles y Recambios de la Grela, S.A.
				Finisterre Motor, S.L.
				Hyupersa Vigo, S.L.U.
				Báltico Automoción Pérez Rumbao, S.A.
				Bétula Cars, S.L.
Inturasa-Pérez Rumbao, S.A.				
15027897	CIFP Paseo das Pontes	MHOT01	Cociña e Gastronomía	Paradores de Turismo de España, S.A.
		MHOT02	Servizos en Restauración	Paradores de Turismo de España, S.A.
		SHOT04 e SHOT05	Dobre titulación en Dirección de Cociña e en Dirección de Servizos de Restauración	Eurostars Hotel Company, S.L.U.
15005269	IES Urbano Lugrís	SELE01	Sistemas Electrotécnicos e Automatizados	Gas Natural SDG, S.A.
15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web	Indra Sistemas, S.A.
		SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma	Indra Sistemas, S.A.
15005749	IES Universidade Laboral	MMAPO3	Navegación e Pesca de Litoral	Pesquera Benquerencia, S.L.
				Pesquera Rodríguez Parapar, S.L.U.
				Álvarez e Hijos, S.A.
				Pesquera Socio, S.L.
				Pesquera Parrocha, S.L.
				Pesquera Koiro, S.L.
				Fumeiro de Celeiro, S.L.
				Antonio Santos Alonso, S.L.
				Pesquera Lucense, S.A.
				López Candia, S.A.
				Regal Pesca Atlántico, S.L.
				Pesquerías del Buen Viaje, S.L.
Pesquera Boer, S.L.				

CVE-DOG: lic9ibb1-17j2-gn69-fbg3-1jpeizfec6q5



Código de centro	Centro educativo	Código de ciclo	Ciclo formativo	Entidade colaboradora
				Pesquera Joralca, S.L.
				Alegrín, S.L.
				Silure Pesca, S.L.
				Hermanos García Yáñez, S.L.
				Pesqueras Novo, S.L.
				Pesquera Brisca, S.L.
				Regal Pesca Litoral, S.L.
				Puerto de Celeiro, S.A.
		MMAPO4	Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións	Pesquera Benquerencia, S.L.
		Pesquera Rodríguez Parapar, S.L.U.		
		Álvarez e Hijos, S.A.		
		Pesquera Socio, S.L.		
		Pesquera Parrocha, S.L.		
		Pesquera Koiro, S.L.		
		Fumeiro de Celeiro, S.L.		
		Antonio Santos Alonso, S.L.		
		Pesquera Lucense, S.A.		
		López Candia, S.A.		
		Regal Pesca Atlántico, S.L.		
		Pesquerías del Buen Viaje, S.L.		
Pesquera Boer, S.L.				
Pesquera Joralca, S.L.				
Alegrín, S.L.				
Silure Pesca, S.L.				
Hermanos García Yáñez, S.L.				
Pesqueras Novo, S.L.				
Pesquera Brisca, S.L.				
Regal Pesca Litoral, S.L.				
15006754	CIFP Ferrolterra	MFME02	Soldadura e Caldeiraría	Windar offshore, S.L.
				Malasa Grupo, S.L.
		MIMA02	Instalacións de Producción de Calor	Gas Natural SDG, S.A.
		SFME01	Programación da Producción en Fabricación Mecánica	Navantia, S.A.
		SFME03	Deseño en Fabricación Mecánica	Navantia, S.A.
		SMAM01	Deseño e Amoblamento	Grupo Cándido Hermida, S.L.



Código de centro	Centro educativo	Código de ciclo	Ciclo formativo	Entidade colaboradora
